

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 4 de outubro de 2012

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Aguete, Pilar
Muleiro Parada, Luis Miguel
Rodríguez Domínguez, María del Mar
Martínez Yáñez, Nora María
Valcárcel Fernández, Patricia

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M^a Antonia
Barahona Martín, Magdalena
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, Belén
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Gestoso, M^a Noemi
Grande Seara, Pablo
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Martínez Hens, Helena
Orge Míguez, José Carlos
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen

Barreiro Carril, M^a Cruz
Estévez Abeleira, Teresa

Piñeiro Fernández, Raquel
Senra Francisco, Lorena del Carmen

Salgado André, Elena

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a Nieves

Iníciase a reunión no Salón de Graos da Facultade sendo as 11.15 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 19 de xullo de 2012).
2. Informes da Decana.
3. Aprobación, se procede, de modificacións nas partidas orzamentarias do Centro.
4. Aprobación, se procede, dos informes de seguimento das titulacións impartidas no Centro.
5. Aprobación, se procede, da solicitude de modificación da PDA relativa a Dereito Administrativo I e Dereito Administrativo II.
6. Aprobación, se procede, da composición das Comisións de Avaliacións curriculares do Centro.
7. Aprobación, se procede, da composición de Comisións delegadas da Xunta de Facultade.
8. Aprobación, se procede, da composición da Comisión dos TFG.
9. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión de Calidade do Centro.
10. Aprobación, se procede, da composición da Comisión Académica do Master en Protección de Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social.
11. Aprobación, se procede, da Memoria Inicial do Máster en Dereito de Empresa.
12. Rogos e preguntas.

A Decana excusa a asistencia dos seguintes membros da Xunta: Dona Teresa Martínez Taboas; Don Jaime Cabeza Pereiro; Dona Esther González Pillado; Dona Marta García Mosquera; Don Ángel Mariño De Andrés; Dona Pilar Trigo; Dona Teresa Mourín; Dona Teresa Estévez; Dona Lucía Núñez; Don David Iglesias Trigo e Dona Coral del Río.

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 19 de xullo de 2012)

Apróbase a acta por asentimento

2.- Informes da Decana

A Decana informa dos seguintes asuntos:

a) O día 11 de outubro farase un acto homenaxe aos profesores Don Fernando Lorenzo Merino e Dona Encarna Dávila Millán pola súa xubilación e logo do mesmo terá lugar un xantar.

b) Por modificación do POD do Profesor Francisco Torres e solapamento de horarios respecto de dúas materias prácticas presentou unha solicitude de cambio de horarios consistente en que a clase de Dereito Mercantil II de 5º de licenciatura que estaba previsto impartir os mércores de 12 a 14 se imparta os venres no mesmo horario. Autorízase o cambio.

c) Recibiuse o Informe favorable de avaliación da ACSUG da solicitude de verificación do título oficial de Máster en Avogacía pola Universidade de Vigo.

d) Foi notificada a Resolución de verificación favorable do Consello de Universidades do plan de estudos conducente ao título oficial do “Máster Universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo”.

e) En materia de Calidade:

1. Foi recibido o VAD provisional do curso 10-11. A valoración do Centro sube de 3.25 a 3.36. Aínda estamos en periodo de alegacións e estase a estudar se se presenta un escrito por disconformidade coa valoración acadada respecto dalgún parámetro.

2. En Xuño de 2013 hai que renovar a acreditación das seguintes titulacións:

- a. Master en Protección de Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social
- b. Master en Ordenación Xurídica do Mercado
- c. Master en Xestión Laboral

Na web da área de calidade atópase publicado o Protocolo para a renovación da acreditación da ACSUG

f) En materia de Obras e infraestructuras a Decana informa de que:

1. Rematouse a obra de mellora do camiño de acceso á Facultade dende a parada de autobús.
2. Retocouse o paso de peatóns elevado que vai dende o aparcadoiro á entrada principal da Facultade. Foi necesario poñer un escalón para salvar o novo desnivel que xurdiu.
3. Estamos á espera de que a Unidade Técnica mande un proxecto para rematar o acondicionamento do acceso principal á Facultade, así como a remodelación das zonas exteriores da Facultade.
4. Finalmente, respecto á obra de cambio das fiestras das aulas por unhas practicables: a Unidade Técnica descartou o cambio dado que o peso das mesmas xunto co seu sistema de apertura non garante a súa estanqueidade. En todo caso, para solucionar o problema de salubridade das aulas, a Unidade Técnica propuxo un novo sistema de recirculación do aire das aulas. En breve comenzarán estas obras que están en fase de adxudicación. Intentarán realizarse en horario de tarde e os venres e sábados para afectar o menos posible ás clases. En tanto que poden chegar a afectar ao turno de tarde, en canto se reciba o plan de traballo procederase, no seu caso, a reasignar as aulas do mesmo.

3.- Aprobación, se procede, de modificacións nas partidas orzamentarias do Centro

Precísanse: 1373,35 euros para poñer en marcha a Revista Dixital polo que se solicita traspasar 373, 35 euros da partida 213 *Reparacións varias* á partida 227.09 *Traballos realizados por outras empresas*, pois isto permitiría ter na partida 227.09 os fondos necesarios para a revista.

Apróbase por asentimento a modificación proposta.

4.- Aprobación, se procede, dos informes de seguimento das titulacións impartidas no Centro

A Decana explica que onte sometéronse os informes de seguimento das titulacións impartidas no Centro á Comisión de Calidade e que se enviou a documentación onte pola tarde logo de introducir as pequenas modificacións plantexadas na devantita Comisión.

A profesora Bergareche manifesta que por coherencia non se pronuncia sobre este punto dado que non tivo tempo a ler a documentación enviada.

Apróbanse os informes por asentimento de todos os presentes agás da Profesora Almudena Bergareche quen expresa verbalmente a súa abstención.

En todo caso, a Decana indica que se logo de ler con máis calma os informes alguén quere presentar no Decanato algunha alegación, pode facelo. Neste sentido, solicita que se delegue o tratamento das eventuais alegacións que poidan presentarse, así como da aprobación dos informes na Comisión Permanente.

Apróbase a delegación por asentimento.

5.- Aprobación, se procede, da solicitude de modificación da PDA relativa a Dereito Administrativo I e Dereito Administrativo II

Debido o alto número de alumnos matriculados na materia **DEREITO ADMINISTRATIVO I** e á imposibilidade de levar a cabo o sistema de avaliación continua contando con grupos prácticos tan numerosos, o Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, dacordo cos profesores da área de Dereito Administrativo, solicita a seguinte reforma da PDA do Grao en Dereito:

- a) Administrativo I pasaría a ter 6 grupos prácticos
- b) Administrativo II pasaría a ter 2 grupos prácticos

Apróbase por asentimento a modificación da PDA.

6.- Aprobación, se procede, da composición das Comisións de Avaliacións curriculares do Centro

Apróbase por asentimento a seguinte composición das Comisións de Avaliacións curriculares do Centro.

1. Dereito

- Decano/a (presidente/a)
- 4 profesores/as titulares e 4 suplentes das áreas con carga docente en materias troncais, obrigatorias de Universidade e optativas de orientación dispensadas na titulación cursada polo solicitante, excluindo, de ser o caso, a área afectada:
 - o Dep. D. Privado:
 - § Anxo Tato Plaza (titular)
 - § Helena Martínez Hens (suplente)
 - o Dep. D. Público:
 - § Javier de Vicente Remesal (titular)
 - § Almudena Bergareche Gros (titular)
 - § Noemi García Gestoso (suplente)
 - § M^a Antonia Arias Martínez (suplente)
 - o Dep. D. Público Especial:
 - § Jaime Cabeza Pereiro (titular)
 - § Carmen Ruiz Hidalgo (suplente)
- 1 profesor/a titular e 1 suplente da área afectada, proposto polo Departamento.
- 1 estudante titular e 1 suplente propostos polo solicitante entre os da mesma titulación e orientación que teñan superada a materia e estean matriculados (se é posible) nun curso superior. Caso de non presentar proposta, a presidente/a da Comisión determinará o procedemento de selección

2. Relacións Laborais

- Decano/a (presidente/a)
- 4 profesores/as titulares e 4 suplentes das áreas con carga docente en materias troncais, obrigatorias de Universidade e optativas de orientación dispensadas na titulación cursada polo solicitante, excluindo, de ser o caso, a área afectada:

José Carlos Orge Míguez (titular)	Mar Rodríguez (suplente)
Pedro Bouso Cedrón (titular)	Gloria Caballero Fdez. (supl.)
M ^a Antonia Arias Martínez (titular)	Carmen Dguez. Rubira (supl.)
Jaime Cabeza Pereiro (titular)	Emma Rodríguez (supl.)
- 1 profesor/a titular e 1 suplente da área afectada, proposto polo Departamento
- 1 estudante titular e 1 suplente propostos polo solicitante entre os da mesma

titulación e orientación que teñan superada a materia e estean matriculados (se é posible) nun curso superior. Caso de non presentar proposta, a presidente/a da Comisión determinará o procedemento de selección

7.- Aprobación, se procede, da composición de Comisións delegadas da Xunta de Facultade

Apróbase por asentimento a seguinte composición da COMISIÓN PERMANENTE coa indicación de que os alumnos deben comunicar ao Decanato as persoas que propoñen polo seu cupo para substituír aos tres membros que actualmente están de Erasmus

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Equipo Decanal

Ana María Pita Grandal (Área de Dereito Financiero e Tributario)

Pilar Allegue Agüete

Mar Rodríguez Domínguez

Nora María Martínez Yáñez (accidental)

Patricia Valcárcel Fernández (Área de Dereito Administrativo) (Secretaria)

PDI permanente

Javier de Vicente Remesal (Área de Dereito Penal)

Pablo Fernández Carballo (Área de Dereito Mercantil)

Jaime Cabeza Pereiro (Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social)

Carmen Ruiz Hidalgo (Área de Dereito Financeiro e Tributario)

Helena Martínez Hens (Área de Dereito Civil)

Almudena Bergareche Gros (Área de Dereito Constitucional)

José Carlos Orge Míguez (Área de Economía Financeira e Contabilidade)

Amparo Rodríguez Damián (Área de Linguaxes e Sistemas Informáticos)

Carmen Domínguez Rubira (Área de Psicoloxía Social)

PDI non permanente

M^a Cruz Barreiro Carril

Teresa Estévez

Luis Diego Espino

PAS

María Nieves López Prieto

Elena Iglesias Prado

Representantes de alumnos

Isaac Borja Araújo Figueroa

Manuel Rivas Raña

Alejandro Guerrero Saco

Carina Estévez Fernández

David Arjones Giráldez

-Os alumnos deben comunicar ao Decanato 3 alumnos máis.

Polo que se refire á COMISIÓN DE DOCENCIA, débátese unha proposta inicial na que se incluían como membros todos os Directores/as dos Departamentos con sede na Facultade por seren, ademáis, membros da Xunta de Facultade.

A Profesora Almudena Bergareche pide a palabra para indicar que entende que a devandita proposta non respeta a configuración pretendida deste tipo de órganos delegados da Xunta de Facultade, neste caso a Comisión de Docencia, pois parece institucionalizar como membros deste órgano aos Directores/as de Departamento.

A Profesora Pilar Allegue explica que a razón da proposta obedece a que ao elaborala entendeuse que os Directores de Departamento como membros da Xunta de Facultade que tamén son neste caso son especialmente representativos, e naturalmente todos eles cumpren o requisito esencial de seren membros da Xunta.

A profesora Noemi García Gestoso pide que a posibilidade de ser membro desta Comisión se abra a todos os membros da Xunta de Facultade.

A profesora Almudena Bergareche manifesta que non quere formar parte desta Comisión polo que a Decana pregunta se hai algún membro do Departamento de Dereito Público que se postule para formar parte da mesma. Postúlase a Profesora Noemi García Gestoso.

A proposta inicial do equipo Decanal cambiase e substitúese á Profesora Almudena Bergareche Gros pola Profesora Noemi García Gestoso, aprobándose por asentimento a seguinte composición da Comisión de Docencia:

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE DOCENCIA

PDI permanente

Decana: Ana María Pita Grandal (Área de Dereito Financiero e Tributario)

Vicedecana de Profesorado: Pilar Allegue Aguiete (Área de Filosofía do Dereito)

Secretaria: Patricia Valcárcel Fernández (Área de Dereito Administrativo)

Departamento de Dereito Público: Noemi García Gestoso (Área de Dereito Constitucional)

Director do Departamento de Dereito Público Especial: Jaime Cabeza Pereiro (Área de Dereito do Traballo)

Directora de Departamento de Dereito Privado: Helena Martínez Hens (Área de Dereito Civil)

Coordinadora do Grao de Dereito: Carmen Ruiz Hidalgo (Área Derecho Financiero)

Coordinadora de Grao de Relaciones Laborales: Belén Fernández Docampo (Área Derecho Laboral)

Coordinador de Master: Jaime Aneiros Pereira (Área de Dereito Financiero e Tributario)

PDI áreas non xurídicas

Baltasar Manzano (Área de Fundamentos del Análisis Económico)
Pilar Trigo (Se Pilar non aceptase se levaría a súa substitución a Comisión Permanente)

PDI Non permanente

Teresa Estévez Abeleira (Área de Dereito Civil – Departamento Dereito Privado).

PAS

Nieves López Prieto

Representantes Alumnos

Lorena del Carmen Senra Francisco

Raquel Piñeiro Fernández

Carina Estévez Fernández

8.- Aprobación, se procede, da composición da Comisión dos TFG

Apróbase por asentimento a seguinte proposta da Comisión dos TFG coa indicación aos alumnos de que á maior brevidade comuniquen ao Decanato os representantes que elixen (un por cada Grao) para formar parte desta Comisión.

- a) Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue
Titular: Ana María Pita Grandal
Suplente: Nora Martínez Yáñez
- b) Secretario/a do Centro, quen actuará como secretario/a da Comisión
- c) Os Coordinadores/as dos Graos
Grao en Dereito: Carmen Ruiz Hidalgo
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos: Belén Fernández Docampo
- d) Dous profesores/as a tempo completo con docencia maioritaria, un de cada Grao, a proposta do Decanato:
Dereito: Pilar Allegue
RLL: José Carlos Orge Míguez
- e) Dous representantes do alumnado -un de cada Grao-, propostos polos representantes estudiantís de cada respectivo Grao.
- f) Un representante do PAS proposto polo PAS: Mónica Zas.

9.- Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión de Calidade do Centro

Apróbase por asentimento a seguinte composición da Comisión de Calidade do Centro, coa indicación aos alumnos de Grao de que comuniquen 1 representante e un suplente.

Membros titulares	Membros Suplentes
a) Decano/a	Vicedecana de Docencia

(Este membro actuará como Presidente da Comisión)	
b) Vicedecana de calidade (Este membro actuará como Secretario/a da Comisión)	Secretaria da Facultade
c) Coord. Grao en Dereito	
d) Coord. Grao en RRL	
e) Coord. Master en Xestión Laboral	
f) Coord. Master en Ordenación Xurídica	
g) Coord. Master en Menores	
h) Coord. Master en Abogacía por Vigo	
i) Coord. Master en Abogacía en Pontevedra	
j) Representantes da sociedade: Decano/a do Colexio Avogados Vigo Decano/a do Colexio Avogados Pontev.	Secretario/a do Colexio Avogados Vigo Secretario/a do Colexio Avogados Pontevedra
k) Repres. Área de calidade: José Miguel Dorribo	Raquel Gandón Chapela
l) Representante del PAS: Nieves López Prieto	Paula Ramil
ll) 1 alumno de grado y un suplente	ll) 1 alumno de grado suplente
n) 1 alumno/a de Posgrado: Lino Noriega	n) 1 alumno/a de Posgrado: Teresa Pereira Garrido

10.- Aprobación, se procede, da composición da Comisión Académica do Master en Protección de Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social

Apróbase por asentimento a seguinte composición da Comisión Académica do Master en Protección de Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social coa indicación de que o posto de Representante da Comisión de Calidade do Centro na Comisión Académica do mesmo queda condicionado a que acepte o Profesor D. Javier De Vicente Remesal.

1.- Coordinadora: Esther González Pillado

2.- Secretario da Comisión: Pablo Grande Seara

3.- Representante do Comisión de Calidade do Centro na Comisión Académica: Javier De Vicente Remesal (Pendente de aceptación)

Vogales:

Helena Martínez Hens
Virxilio Rodríguez Vázquez
Francisca Fariña
Carmen Verde Diego

11.- Aprobación, se procede, da Memoria Inicial do Master en Dereito da Empresa

A Decana recorda que se mandou un correo indicando que foi enviada á Vicerreitoría a Memoria Inicial para a súa publicación.

O profesor Pablo Grande Seara comunica que ven de presentar no Decanato un escrito de alegacións á Memoria Inicial no que se pon de relieve que dende a súa área consideran que na Memoria presentada debería incluírse algunha materia de Dereito Procesual e, por conseguinte, propoñen incluír unha materia de 3 créditos sobre resolución extraxudicial de conflitos.

A Decana explica que este Master non parte dunha iniciativa do Decanato senón de dúas áreas, Mercantil e Financeiro, que o presentan como un Master de especialización en Dereito sustantivo. Comenta que non se trata de excluír a ninguén e que en todo caso, naturalmente serán consideradas todas as alegacións que se presenten.

O Profesor Pablo Grande expresa que dende a Área Dereito Procesual recoñecen que é unha iniciativa moi interesante, pero quere recordar que en todo momento este Master foi presentado como unha transformación do Master en Ordenación Xurídica do Mercado, Master no que participaban todas as áreas e non só as que agora participarían no Master en Dereito de Empresa.

Pide a palabra D^a Nieves López Prieto quen quere deixar constancia de que lle parece moi ben que poida haber un novo Master adscrito á Facultade, pero quere que hai que pensar que dende a Secretaría de alumnos da Facultade están superados de traballo polo que e a asunción de máis tarefas non permitiría atender como é debido ao alumnado nin ao profesorado.

A Decana explica que xa tivo unha reunión co Reitor e que precisamente un dos temas que se plantexaron foi que o becario que está a tempo parcial pase a estar a tempo

completo para atender os Masters e preste apoio á Secretaría de alumnos.

A Decana pregunta se se aproba a Memoria Inicial do Master en Dereito de Empresa que queda aprobada por asentimento de todos os presentes coa manifestación expresa do voto en contra do Profesor Pablo Grande Seara por coherencia coas alegacións presentadas pola súa área, e coa abstención tamén expresa da Profesora Almudena Bergareche Gros, que explica que se abstén dado que polo escaso tempo transcorrido entre a Xunta e o envío da documentación non tivo tempo a ler a Memoria.

A Decana aproveita para comunicar que se constituirá una Comisión de Traballo para elaborar a Memoria definitiva que estará integrada por ela mesma, e polos Profesores Don Anxo Tato, Don Luis Muleiro, Dona Patricia Valcárcel Fernández e o Socio de Garrigues Abogados y Asesores Tributarios Don José Antonio Gil del Campo.

12.- Rogos e preguntas

A Profesora Almudena Bergareche pide a palabra para rogar na medida do posible cando se peche o tratamento dun punto da orde do día non se volva máis ao mesmo. Asemade pide excusas por teren invitado a Don Aday Jiménez Alemán que non é membro da Xunta de Facultade a esta reunión pero considera que será gratificante para todos coñecer que acaba acadar unha importante beca no Tribunal Constitucional. A Decana dalle a noraboa ao Profesor Jiménez Alemán en nome dos membros da Xunta.

A profesora Carmen Ruiz Hidalgo solicita a palabra para volver a insistir no problema de aparcamento que existe, ao que a Decana responde que xa está trasladada esta inquedanza á Unidade Técnica.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a reunión sendo as 13.15 h. do que dou fe como Secretaria